



DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE APROBAN A CONVOCATORIA PÚBLICA DE PREMIOS DO CONCURSO DE MAIOS 2018 E AS BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA

1.- O Concello de Pontevedra pretende favorecer e complementar a promoción e realización de diversas actividades culturais, festivas e de difusión das tradicións artísticas do municipio, polo que esta convocatoria de premios elaborase co fin de fomentar entre a cidadanía a preservación do patrimonio cultural e apoiar o interese polas actividades culturais e festivas tradicionais do municipio. Consonte co anterior, a providencia de inicio do expediente expón as razóns de interese público que xustifican a conveniencia e oportunidade para a convocatoria e posterior outorgamento dos premios.

2.- O art. 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece que o municipio, exercerá en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na materia obxecto da subvención, o que xustifica a utilidade pública e interese social na concesión destes premios.

3.- A concesión de premios obxecto das bases elaboradas rexeranse polo disposto na Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17.09.20104 (BOP nº190 do 30.09.2004), pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de de subvencións, polo Regulamento que desenvolve a anterior, aprobado por Real decreto 887/2006, de 17 de novembro, pola Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación.

4.- Segundo o art.11 da Ordenanza xeral de subvencións, a competencia para a aprobación das respectivas bases e resolución do procedemento nas subvencións en concorrencia competitiva correspóndelle ao Alcalde cando o importe da convocatoria non exceda de 12.020,24 €.

5.- O expediente foi fiscalizado de conformidade pola Intervención Xeral Municipal.

De conformidade coa fundamentación exposta e no exercicio das súas competencias, esta Alcaldía

ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria pública para a concesión de premios do concurso de Maíos 2018.

Segundo.- Autorizar o gasto destinado á concesión dos citados premios, con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente que se sinala:

Aplicación	Operación nº	Importe
2018-09-3382-22609	201800020059	6.300,00 €
TOTAL		6.300,00 €

Terceiro.- Aprobar as bases específicas destes premios como anexo ao presente acordo, contidas no documento co CSV DXAPHY545SPWXC4.

